

DECRETO DA ALCALDÍA

Expte. 4121/2024

Esta Alcaldía delegou, mediante resolución de 23/06/2023 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2023) na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións técnicas que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), trámite ordinario e varios criterios de valoración, do expediente de contratación denominado "CREACIÓN DA "ALDEA GASTRO" E AMPLIACIÓN DA "ALDEA DAS ESTRELAS" DENTRO DO "PARQUE TEMÁTICO ALDEAS DE NADAL DO CONCELLO DE LALÍN", expediente 4121/2024, así como os informes emitidos pola Secretaría Xeral e pola Intervención Municipal con data de 30 de outubro de 2024, e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, RBRL; no art. 43.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, do 28 de novembro e no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local, por razóns de índote técnica e tendo en conta a necesidade de axilizar e proceder á contratación das prestacións posto que a posta en marcha das Aldeas de Nadal está prevista para o 5 de decembro de 2024.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación denominado "CREACIÓN DA "ALDEA GASTRO" E AMPLIACIÓN DA "ALDEA DAS ESTRELAS" DENTRO DO "PARQUE TEMÁTICO ALDEAS DE NADAL DO CONCELLO DE LALÍN", exp. 4121/2024 mediante procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP), trámite ordinario e varios criterios de valoración, de conformidade cos artigos



116.1, 117.1, 131.2. 156 e 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017.

Terceiro.- O artigo 28.1 da LCSP, establece como actuación preparatoria común a todo tipo de contratos a acreditación da natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas. Consta informe da Concelleira Delegada de Aldeas de Nadal e do Arquitecto Técnico Municipal, de ... de outubro de 2024, do seguinte tenor literal:

(...)

Que, acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) preténdese iniciar

Doutra beira, o artigo 28.1 da LCSP, establece a obriga de acreditar a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

A motivación da necesidade de realización do contrato dérivase das propias competencias municipais xa que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL) establece:

(...)

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais

(...)

Así mesmo, o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, indica que:

(...)

O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

(...)

n) As actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

(...)

Nos últimos anos, o Concello de Lalín veu desenvolvendo un proxecto do Nadal enfocado ao goce dos nenos, trátase das ALDEAS DE NADAL, unha serie de aldeas en miniatura, con diferente temática e que se sitúan en espazos emblemáticos da vila. Deste xeito, na última edición o proxecto contou coas seguintes aldeas:

- Aldea de Papá Noel.
- Aldea dos Reis Meigos
- Aldea do Apalpador
- Aldea da Música.
- Aldea dos Trasnos.
- Aldea das Estrelas.



A través da difusión que este proxecto tivo nos medios de comunicación e especialmente nas redes sociais (contando con espazo en blogs dedicados ao entretemento familiar como “Little Vigo”) este proxecto foi crescendo e consolidándose ata converterse na actualidade nun referente do Nadal na comunidade autónoma e un importante motor turístico para o Concello de Lalín.

Por outra banda, trátase dun proxecto con vocación sostible:

- O material principal de todas as construcións é a madeira.
- Todos os elementos das aldeas conservaranse e reciclaranse para as próximas instalacións evitando así xerar residuos.
- A vexetación que se empregará no proxecto sempre será natural e, na medida do posible, conservaranse durante todo o ano para a seguinte montaxe, e no caso das árbores que secan, reutilizaranse para facer unha intervención artística neles e utilízalas para a decoración.

Ao mesmo tempo, preténdese favorecer o desenvolvemento dunha economía local e aberta no municipio, impulsando a dinamización do comercio e da hostalería lalinense e co fin de contribuír, á súa vez á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda Urbana, en concreto, lograr un maior impulso da economía urbana, apostando pola cultura e fomentando o turismo intelixente, sostible e de calidade, como se pon de manifesto no obxectivo específico 7.2 do Plan de Acción Local da Axenda Urbana do Concello de Lalín, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de data 26 de agosto de 2022.

Trátase nesta ocasión de crear unha nova ALDEA, denominada ALDEA GASTRO, que veña a completar e complementar o conxunto que se foi formando durante os últimos anos, que se reforza coa construción, subministración e montaxe de catro novas casañas para a ALDEA DAS ESTRELAS.

A gastronomía é unha parte integral da cultura Galega, e durante o Nadal cobra aínda máis relevancia. As ALDEAS DE NADAL DE LALÍN buscan non só entreter e divertir aos visitantes, senón ofrecer tamén unha experiencia culinaria que reflicta a riqueza gastronómica da rexión. A gastronomía serve como punto de encontro para as familias e os amigos, creando un ambiente de calidez e celebración que é esencial durante estas festas.

Por iso nesta edición propónse dar unha maior importancia á Gastronomía, creando unha zona específica para acoller a varios artesáns e hostaleiros que poidan facer chegar a gastronomía ás familias que nos visitan.

Por tanto, desde a Concellería de Aldeas de Nadal, preténdese darlle prioridade e un impulso definitivo a unha actividade que aúna tanto a revitalización do tecido comercial co turismo e o lecer infantil.

Doutra beira, a ALDEA DAS ESTRELAS é unha aldea de gran importancia no proxecto global do parque temático “ALDEAS DE NADAL”. A súa situación na praza central da vila xunto á ALDEA DE PAPA NOEL fai que estea nun dos emprazamentos con máis visibilidade e máis fluxo de xente dentro do proxecto. Esta sinerxia refórzase coa localización próxima da nova ALDEA GASTRO.

Este ano preténdese realizar unha ampliación e posta en valor desta ALDEA, con tanto significado histórico e cultural para Lalín. Construiranse 4 novas casas



dedicadas a personaxes soados de Lalín. Estas ESTELLAS LALINENSES que alcanzaron un recoñecemento polo seu importante labor científico en áreas tan diversas como a astronomía e as matemáticas, ou pola súa as súas contribucións á arte ou á fitos históricos, tales como os personaxes aos que se dedican estas novas casiñas: Ramon Maria Aller Ulloa, Matemático Rodriguez, Laxeiro, e Joaquín Loriga.

O Concello de Lalín non conta cos medios persoais adecuados e suficientes para a creación e instalación da Aldea Gastro e ampliación e colocación da Aldea das Estrelas.

(...)

Cuarto.- Aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos o Proxecto de Aldeas de Nadal e o Prego de Prescricións Técnicas, e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

Quinto.- Autorizar o gasto por importe de 59.895,00€ (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 2024/0/338/62913/01 do vixente orzamento municipal.

En todo caso, tal e como sinala o artigo 174.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no suposto de tratarse dun gasto plurianual a realización do mesmo queda subordinada ao crédito que para un dos exercicios autoricen os respectivos orzamentos do Concello.

Sexto.- Nomear responsable do contrato a D. Hervé Fernández Estévez, arquitecto técnico municipal e notificarlle o presente acordo.

Sétimo.- Publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público o presente acordo así como o anuncio de licitación do contrato segundo o previsto nos artigos 117.1 e 135 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017.

Mandouno e asinouno en Lalín, D. José Crespo Iglesias.

O Alcalde
José Crespo Iglesias

O Secretario Xeral
César López Arribas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

L

A

M

U

